



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DOS TRABALLOS PREVIOS Á REHABILITACIÓN DO EDIFICIO FARADAY NA ETEA

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda,

DECLARA:

Que a Consellería de Facenda e maila a Universidade de Vigo teñen previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día 1 de xaneiro de 2017 ata o 20 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto outorgarlle unha subvención de concesión directa segundo o disposto no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia á Universidade de Vigo para o financiamento dos traballos previos á rehabilitación do edificio Faraday na ETEA que se vai incardinar no Campus do Mar de Vigo co fin de que este conte coas infraestruturas necesarias para acadar os seus obxectivos.

As actividades que se realizarán ao abeiro deste convenio son as seguintes:

- Proxecto sectorial
- Estudo Xeotécnico
- Análise estrutural
- Levantamento de planimetría e BIM
- Redacción de proxecto básico e de execución
- Redacción de prego de prescricións técnicas para a rehabilitación do edificio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en que existe interese público que vén derivado dun dos obxectivos principais da Xunta que é o de realizar actuacións coas universidades do SUG para acadar a mellora da investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da



sociedade e a realización de estudos no ámbito da investigación e da innovación, co fin de que o coñecemento que se adquira se transfira á sociedade.

Que o Campus do Mar é un proxecto liderado pola Universidade de Vigo e promovido, tamén, polas outras dúas universidades galegas, poloo Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e polo Instituto Español de Oceanografía (IEO). Este proxecto aglutina os axentes socioeconómicos e os grupos de investigación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal relacionados co ámbito marítimo.

Que este proxecto é único na Comunidade Autónoma de Galicia e por este motivo non é posible promover a concorrência competitiva xa que o Campus do Mar pertence á UVIGO e o edificio Faraday está integrado neste Campus. Esta circunstancia xustifica a imposibilidade de conveniar con outras universidades para esta finalidade ou análoga.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional toda vez que a consellería non vai percibir ningunha contraprestación.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio

M^a Socorro Martín Hierro